

Clavicembalo

Club de Arte e Música

www.clavicembalo.com
www.clavicembalo.gal

Reservas: tel. 982 243 270 ou no
email club@clavicembalo.com

Horario de xoves a sábado a partir das 21:30 h.
Horario dos concertos: mércores e xoves ás 21:30 h.
Venres, sábado e véspera de festivo ás 22:30 h.

Abril 2026

Xoves 2...



Improversados

Improversados, compañía de improvisación teatral e musical, volve ao Club Clavicembalo co seu *Épica Vulgaris*: Antía Vidal, Víctor Castro e Diego Salgado (nesta ocasión sen Pedro Placer) portan historias e coplas coas que monta-la súa lúgubre taberna portuaria onde han cumprir condena de almas malditas sen previo ensaio. Atrévete a facerlles compañía nesta noite de abril?

Venres 3...

Ruada no Clavi

Organiza: Cántigas e Frores



Sábado 4...

FaCeLa presenta...

Pladür + Agujero

♠ Ás 12:30 h **Jaque 4 + Filtro + Circuncisión Total...**



Xoves 9...

Improdutivas

Venres 10...



Izaki Gardenak

Jon Basaguren: voz, guitarra; Libe Kortazar: teclados, voz; Joseba Baleztena: guitarra, voz; Aitor Aguirre: baixo, voz; Dani Arrizabalaga: batería; Ander Sevilla: son directo.

Izaki Gardenak (*Seres Transparentes*) nace no 2012 e desde o primeiro disco merece espazo no panorama *rock* pop vasco. O son da banda xunta americana, *indie rock* e *rock* alternativo en melodías e letras moi coidadas (feitas en éuscaro), combina harmonías vocais cunha base rítmica vizosa e contundente; arranxos de guitarra e teclado que deseñan tanto pasaxes atmosféricas como partes máis enérxicas. No 2025 Izaki Gardenak concentrou esforzos para a xira de presentación de *Orube* (Alde ilunA, 2024), na cal ofreceu máis de trinta concertos, e aínda foi quen de culmina-lo o ano coa edición de *Sitsak*, LP composto por catro cancións novas e cinco temas editados previamente como *singles*.

Discos:

Itsasargiak (EP, 2012); *Amaieratik hasi* (LP, 2013); *Aurri gara* (LP, 2015); *Dena oskol* (LP, 2018); *Orube* (LP, 2024).

Sábado 11...

Concerto solidario a beneficio da Asociación Párkinson Lugo:

LoraHacePam! + Chemical Addicts



Xoves 16...

The New Raemon & McEnroe



Venres 17...

Tontxu | Canción de autor



Sábado 18...



Kike M | Castela e León

Kike M, natural de Salamanca e artista revelación na escena do novo *rock* urbano de raíz co seu primeiro álbum, *Antipersonal*, presenta agora o segundo, directo e inspirado, que titula *Cantares de arcilla*. Kike M asina algunhas das súas mellores composicións ata a data e ispe esa dobre personalidade disposta a abrollar en todos nós cando fai aparición a eterna loita entre o ben e o mal. Volta partindo de *riffs* de guitarra dignos do mesmísimo Robe Iniesta, volta arrincando arpejos de guitarra acústica do mellor Fito Cabrales, a voz de Kike vai debullando letras desas que falan do máxico e mais do cotián.

Xoves 23...



Jam Session de Rock & Blues
Organiza: Fábrica de Sons

Venres 24...

Presentación do FaCeLa Fest 10 con Protex

Sábado 25...


7 Rojo



Mércores 29...

Ousadías

Xoves 30...



Día Internacional do Jazz: Kike López Septeto

Kike López: saxo alto e fruta; Bruno Valle: trombón; Jesús Moure: trompeta; Xarly López: baixo eléctrico; Mike Spinelli: guitarra; Marco Mendoza: batería e outros instrumentos de percusión; Luis Monsalve: piano. Músicos de ampla experiencia e versatilidade liderados por Kike López, autor das composicións de creación propia da formación, así como duns arranxos que dotan de frescura algúns clásicos, para traelos ao presente dun xeito moi libre e dinámico, a través dun vibrante *jazz* fusión. Ritmos latinos, flamenco e mesmo un *funky* poderoso que muda en *bebop* de xeito audaz serán algúns ingredientes da velada, sempre entretecidos pola liberdade creativa e o bo gusto.

Emenda e traduce: Shui Lóng | saddayakko@gmail.com

Subvencionado con Fondos FEDER



Unha maneira de facer Europa



+ info

